



Nota de prensa

Aposta pola acción solidaria

UN MILLEIRO DE TENDAS DE EROSKI SUMARANSE ESTE ANO Á TRADICIONAL GRAN RECOLLIDA DE ALIMENTOS

- **A recollida vía bonos e a entrega física tradicional de produtos serán as dúas modalidades da Gran Recollida de Alimentos que terá lugar este venres e sábado**
- **EROSKI doou máis de 4.224 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos durante o primeiro semestre do 2019**
- **EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos co Banco de Alimentos FESBAL**

Elorrio, 20 de novembro do 2019.- Grupo EROSKI sumarase esta fin de semana, como cada ano, á Gran Recollida de Alimentos que organiza a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL). Arredor dun milleiro de establecementos, que inclúen supermercados, hipermercados e franquías EROSKI, Vegalsa e Caprabo, ofreceranlles aos seus clientes a posibilidade de realizaren as súas doazóns a través de dúas modalidades, a entrega física tradicional de produtos e a recollida vía bono de alimentos.

A achega a través dos bonos, por un valor de 5 € ou que considere oportuno o cliente ao paso por caixa, destaca polo seu carácter práctico, xa que unha vez rematada a campaña queda á disposición dos Bancos de Alimentos para a compra dos produtos que lles resulten máis necesarios.

Coma en anteriores campañas, EROSKI engadirá unha doazón adicional ao total do recollido na campaña. "*Coma decote, dende EROSKI quixémonos unir a este compromiso e sumar unha doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores*", indica Alejandro Martínez Berriochoa.

4.224 toneladas de alimentos para familias necesitadas

EROSKI e mais os seus clientes doaron máis de 4.224 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos durante o primeiro semestre do 2019. Esta cifra equivale ao consumo de alimentos de 2.200 fogares ao longo do ano. Desta doazón, EROSKI doou máis de 3.782 toneladas dentro do programa

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



'Desperdicio Cero'. Este último garante que ningún elemento apto para o consumo se desbote nas tendas EROSKI, senón que se lles doa a organizacións sociais do contorno próximo de cada tenda.

Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa de EROSKI e dos Bancos de Alimentos continúa vixente co compromiso 'Desperdicio Cero' de non guindar ningún alimento que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados.

Co comezo das primeiras consecuencias da crise económica, EROSKI e FESBAL estenderon este programa aos alimentos frescos, para o que foi preciso redefinir a loxística de doazón co fin de manter a cadea de frío e asegurar que os alimentos doados cheguen con total seguridade alimentaria aos seus destinatarios.

A cooperativa foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)